



(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

1

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de maio de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o trinta de maio do ano dous mil dezaseis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Manuel Doval Soto, don Juan Anta Rodríguez e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 24 DE MAIO DE 2016.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e catro de maio de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, coa seguinte observación:

- Na relación de asistentes á sesión obsérvase un erro material debido a unha duplicidade, xa que o deputado provincial don Jorge Pumar Tesouro figura como asistente á sesión, cando só debe figurar como non asistente. Xa que logo, corríxese o dito erro, elidindo a dita relación ó deputado citado como concorrente, que só deberá constar como non comparecente.

2.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O “CAMPAMENTO DA OURENSANÍA.-

Unha vez vista a proposta formulada polo asesor de Política Cultural para a fixación de prezos públicos pola participación no “Campamento da Ourensanía” (campamento de verán para rapaces que se realizará no complexo turístico do Corgo, situado en Mugueimes - Muíños), tendo en conta o disposto nos artigos 2 e 3 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportes, educativos e de ocupación de tempo libre promovida pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014); ante a necesidade de proceder á fixación dos ditos prezos, dada



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

2

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de maio de 2016

a data prevista de celebración do campamento (entre os días 1 ó 7 de agosto, para a primeira quenda, e do 8 ó 14 de agosto para a segunda), e de conformidade coa proposta formulada (en virtude de acordo de delegación do Pleno do 23 de xullo de 2015), a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Establece-lo prezo público de 88,00 € (IVE incluído) en concepto de cota de inscrición no “Campamento da Ourensanía”.

Segundo.- Estarán obrigados ó pagamento deste os pais ou representantes legais dos rapaces que teñan presentado a súa solicitude de admisión no Rexistro da Deputación.

Terceiro.- Os usuarios/as do servizo deberán facer efectivo o pagamento polo importe correspondente no momento da formalización da inscrición e, en todo caso, con carácter previo ó inicio da actividade.

Cuarto.- Nos restantes aspectos non previstos no presente acordo, estarase ó disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportes, educativos e de ocupación de tempo libre promovida pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014).

3.- DECLARACIÓN DA FUNDACIÓN ADVANCED LEADERSHIP COMO ENTIDADE COLABORADORA PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DE BOLSAS “OURENSE LÍDER”

.- No Pleno, con data 31 de marzo de 2016, acordouse aprobar o expediente de modificación de créditos número 2/2016, e consignar, con cargo á aplicación 241.12/481.05, a contía de 103.000,00 €, a favor da Delegación da Fundación Advanced Leadership, para bolsas internacionais en EEUU.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da dita entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a solicitude de referencia cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Delegación da Fundación Advanced Leadership, nos seguintes termos:

1º) Ratificar o convenio de colaboración asinado entre a Delegación da Fundación Advanced Leadership e a Deputación Provincial de Ourense para a coorganización e cofinanciamento do programa de bolsas “Ourense Líder” de data 01.04.2016.



(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

3

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de maio de 2016

2º) A Delegación da Fundación Advanced Leadership, en virtude do sinalado no *artigo 12 da Lei xeral de subvencións e 9 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, ten a consideración de entidade colaboradora desta Deputación, actuando en nome e por conta desta, para os efectos relacionados coa presente subvención, quedando obrigada fronte aos beneficiarios finais da subvención, co alcance e nos termos e condicións indicados *Lei 38/2003, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015)*, no convenio de colaboración asinado, no presente acordo e nas bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión do programa de bolsas "Ourense Líder".

A Fundación Advanced Leadership, na súa condición de entidade colaboradora desta Deputación e como entidade non lucrativa, queda exonerada da constitución de garantías consonte ao sinalado no artigo 42 do RD 887/2006.

3º)-Importe total: 103.000,00 €.

-Obxecto: Bolsas internacionais en EEUU.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe subvencionado, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións desta entidade, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de 30 días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será necesario acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta



(Sinatura do Presidente)

Folho N.º

4

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de maio de 2016

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de xaneiro de 2017.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á DELEGACIÓN ESPAÑOLA DA FUNDACIÓN ADVANCED LEADERSHIP.- No Pleno, con data 31 de marzo de 2016, acordouse aprobar o expediente de modificación de créditos número 2/2016, e consignar, con cargo á aplicación 433.00/489.01, a contía de 200.000,00 €, a favor da Delegación da Fundación Advanced Leadership, para misión comercial.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante de dita entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a solicitude de referencia cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Delegación da Fundación Advanced Leadership, nos seguintes termos:

1º) Ratificar o convenio de colaboración asinado entre a Delegación da Fundación Advanced Leadership e a Deputación Provincial de Ourense para a coorganización e cofinanciamento dunha misión comercial certificada polo departamento de comercio do goberno federal dos EEUU á provincia de Ourense.

2º)-**Importe total:** 200.000,00 €.

-Obxecto: Misión comercial.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe subvencionado, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de Subvencións desta entidade, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de 30 días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

5

Serie A N.º 2791692

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de maio de 2016

vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será necesario acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2016.

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e vinte minutos, do referenciado día trinta de maio do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,